

## Betanzos acolle a II Semana de Custodia do territorio nas Mariñas e Terras do Mandeo

Organizada pola Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas-Betanzos e a Fundación Terras do Mandeo

REDACCIÓN / Betanzos

Betanzos acollerá entre o 22 de setembro e o 6 de outubro varias actividades programadas dentro da II Semana de Custodia do territorio nas Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo. A iniciativa está organizada pola Fundación Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas-Betanzos e a Fundación Fragas do Mandeo.

A programación comeza o domingo 22 cunha xornada de voluntariado que consistirá na limpeza de plantas invasoras e de lixo na praia da Alameda, en Ponte do Porco.

O xoves 26 ás 20:30 horas no salón Azul do Liceo o ornitólogo Antonio Sandoval ofrecerá a ponencia titulada "¿Para qué sirven las aves?"

Entre o 26 de setembro e o 10 de outubro a Planta Alta do Liceo acollerá a mostra "Unha ollada natural" do ilustrador Carlos Silvar.

O sábado 28 de setembro o Liceo acollerá a xornada titulada "Custodia do territorio e apadriñamento: a implicación cidadá na conservación da natureza" e inclúe seis conferencias que se desenvolverán no Salón Azul do

Liceo entre as 9:30 horas e as 17:45 horas.

O domingo 29 de setembro haberá unha actividade de voluntariado coa limpeza do río Mendo dende a ponte das Moas ata Roi-beira, nun percorrido de 10 km.

O sábado 5 está programada outra actividade de voluntariado titulada "Des-eucaliptización nas fragas do río Mandeo" na que as persoas que se sumen poderán colaborar na eliminación de eucalipto nas fincas mercadas por Fragas do Mandeo.

Por último, as xornadas pecharán cunha excursión o domingo 6 de outubro á lagoa de Sobrado. A visita inclúe un percorrido guiado por especialistas polas fincas e o observatorio que custodia Fragas do Mandeo na súa contorna. Os participantes observarán as aves e achegaranse ao mosteiro. A saída será ás 9:00 horas dende o ambulatorio de Betanzos con chegada aproximada ás 18:00 horas.

Para participar en calquera das actividades incluídas nesta programación deben contactar coa Fundación Fragas do Mandeo no teléfono no 981105903, por correo electrónico: correo@fragasdomandeo.org ou visitar a web www.fragasdomandeo.org.

## "Fragas do Mandeo" cumpre tres anos protexendo a paisaxe e riqueza natural da comarca

A entidade supera os 64.000 metros cadrados de bosque protexido

REDACCIÓN / Betanzos

En 2010 naceu na bisbarra betanceira a entidade de custodia do territorio "Fragas do Mandeo" co fin de protexer a biodiversidade e a paisaxe de As Mariñas. Tres anos despois da súa creación, supera os 64.000 metros cadrados de bosque protexido.

Fragas do Mandeo traballa na conservación da riqueza natural da comarca mediante a adquisición de montes de interese ambiental aos veciños que llos queiran vender. Dende a compra, eses montes destínanse a perpetuidade á conservación dos hábitats naturais, buscando preservar a biodiversidade local, que conta con máis de 50 especies ameazadas, tal e como explicaron fontes da entidade.

### Doazóns

A compra dos terreos realízase coa axuda de asociacións da bisbarra e de doadores particulares que achegan as cantidades que libremente deciden.

A totalidade das doazóns destínase a aboar a compra dos montes e, a pesares de non contar con ningunha axuda gubernamental e no

contexto de crise económica actual, Fragas do Mandeo logrou a titularidade de ao redor de 60.000 metros cadrados de terreo. O resto da superficie custodiada son parcelas cedidas polos seus propietarios.

A maior parte destes montes están na ribeira do Mandeo, no municipio de Coirós. As abruptas ladeiras do val fluvial están sendo colonizadas por especies de árbores invasoras como eucaliptos, robinias, acacias de madeira negra... o que afecta negativamente á paisaxe e aos ecosistemas naturais. Coa elimi-

nación destas especies exóticas nas fincas custodiadas e coa posterior reforestación con especies autóctonas, Fragas do Mandeo trata de conservar a riqueza natural para goce de veciños e visitantes, tal e como explicaron.

Outro dos focos de actuación da entidade é a lagoa de Sobrado dos Monxes onde ten dúas fincas. Nunha delas está instalado o observatorio ornitológico no que acaban de realizar labores de mantemento e a instalación de dous paneis informativos.

Dende o seu nacemento, Fragas do Mandeo anima a todas as persoas interesadas na conservación do medio ambiente da bisbarra a implicarse directa e activamente en actuacións eficaces e duradeiras.

Todo o traballo que realiza a entidade é sacado adiante por voluntarios que lle adican o tempo libre do que dispoñen e o seu financiamento baséase en pequenas doazóns, algunhas tan modestas como un euro ao mes.

As persoas interesadas en contactar coa Fundación Fragas do Mandeo poden facelo por teléfono no 981105903, por email: correo@fragasdomandeo.org ou visitar a web www.fragasdomandeo.org.

### Rastrillo

O vindeiro 8 de setembro Fragas do Mandeo organiza o cuarto e último rastrillo do ano que se realizará na Praza do Campo desde as dez da mañá ata as dúas da tarde. Con esta iniciativa a Fundación recada fondos para os seus proxectos de custodia e conservación.

As persoas que desexen doar obxectos para o rastrillo poden contactar coa fundación.



**Funeraria MARIANO**  
www.funerariamariano.com

Servicios Fúnebres de todas las Compañías de Decesos

Telf.: 981 771 468 - Fax: 981 775 178 - Mov.: 676 497 696 - 676 497 697

BETANZOS  
Local Comarcal de Funeraria



**LUGAMI**  
Artes Gráficas

Impresión  
OFFSET y  
DIGITAL

Todo tipo de impresións - Diseño gráfico  
Impresións publicitarias - Invitacións de boda  
Tarjetas - Carteles - Calendarios - Christmas  
Libros - Revistas - Catálogos  
Garantía de calidad al mejor precio

teléfono: 981 15319 Betanzos - fax: 981 771 41 71  
lugar@lugami.com - www.lugami.com

**ROUICO**

Agencia Social

GRADUADOS  
SOCIALES

SEGUROS REALE

CALLE NARES RIVAS, 6  
BETANZOS - 981 770205  
socialrouico@telefonica.net

Peluquería Estética



**Onda**

Depilación por  
LASER de Diodo  
(PRUEBA GRATUITA)

Próxima sesión:  
Lunes, 7 de octubre

CALLE NARES RIVAS, 11 BETAZOS  
981 771 11 10